

# FIGHT VIRUS



A LOITA CONTRA O CORONAVIRUS  
E.F.NA CASA! 1º-2º



18

17

16

15

14

13

12

11

19

10

20

24

25

26

9

21

23

8

22

START

1

2


3

4

5

6

7



# **A LOITA CONTRA O COVID-19**

## **E.F. NA CASA! 1º-2º**

### **COLLE UN DADO, TÍRAO... E A XOGAR!**

1. Andar 20 pasos pola túa casa.
2. Sentarse nas cadeiras e sofás que teñas na casa no menor tempo posible.
3. Realizar 5 saltos a pés xuntos e medir distancia. Debedes superar 2 metros.
4. Enfermaches de covid! Tes que repousar, quedando unha vez sen tirar.
5. Manter o equilibrio sobre un pé 15 segundos.
6. Bailar unha canción que máis che guste: Youtube, radio, cd, ou mesmo cantada por ti.
7. Facer unha torre cos rolos de papel hixiénico que deberás buscar Debe ter unha altura mínima de 7 pisos.
8. Atopaches a vacina! De vacina a vacina e tiro porque me toca. Pasas a casilla 14 e volves tirar.
9. Reptar por debaixo da cama do teu dormitorio.
10. Percorrer o pasillo da túa casa cun rolo de papel hixiénico na cabeza e sen que caia.
11. Infectáchete co COVID! Debes gardar repouso, quedando unha vez sen tirar.
12. Golpear coas mans un rolo de papel hixiénico sen que caia. Para superala deberás facer como mínimo 6 golpes.
13. Saltar unha muralla de rolos hixiénicos de dous ou tres pisos.
14. Atopaches unha vacina! De vacina a vacina e tiro porque me toca. Pasas á casilla 20 e volves tirar..
15. Atopar a mascarilla que enconderá outro xogador por medio das indicacións (frío:lonxe, témpero (preto), quente (moi preto) dar dela e poñela correctamente.
16. Percorrer en marcha todas as zonas da túa casa: dormitorios, baños, cociña,...
17. Facer coa axuda dun xogador/a unha canción de palmas: “as vogais” “Don Melitón, ou que saibas ti.
18. Lanzar un papel hixiénico cara arriba, dar unha palmada e collelo sen que caia.
19. Atopaches unha nova vacina que che dá enerxía para lanzar de novo o dado.
20. Saltar á pata coxa 10 veces.
21. “Bolos hixiénicos”. Facer unha pirámide de “bolos” con rolos de papel hixiénico e derribalos con axuda doutro bolo lanzando a 2 metros. Terás 3 lanzamentos derribando como mínimo 4 bolos. Os bolos derribados vanse quitando.
22. Bailar unha canción do cantaxogos: Bugui-bugui, Todo o mundo está de festa, Son uha taza ou calquera outra.
23. Enfermaches co COVID! Deberás gardar repouso, quedando unha vez sen tirar
24. Pasar por debaixo do túnel que farán o resto de xogadores, abrindo as súas pernas e colocándose en fila.
25. Para vencer o COVID debes lavar moi ben as mans e a cara.
26. Noraboa! Conseguiches a vacina definitiva coa que salvarás a humanidade. Es o gañador/a do xogo.

Para o desenvolvemento do xogo debes recortar e escoller a ficha que máis vos guste. Do mesmo xeito debes recortar a medalla e coloreala para entregala ao gañador ou gañadores. A pásalo ben!

Para facer a medalla escolle un modelo e péga por diante e por detrás nunha cartulina ou cartón. Posteriormente un adulto que perfore para meter un cordón ou fio de lá a medida do gañador para poñela no pescozo.

### Fichas para xogar:



### Premios medallas: (debuxa no interior algo relacionado coa temática e coloreala)

